

BASES DA CONVOCATORIA “CAMPUS DE CONCILIACIÓN – SEMANA SANTA 2024”

1.- CONTIDO

O Concello de Salvaterra de Miño organiza o “Campus de Conciliación - Semana Santa 2024” coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo e lúdico e facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

2.- NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas coas que conta o “Campus de Conciliación - Semana Santa 2024” é de 40. Das cales 1 será reservada para axudas de emerxencia social, e 2 para nenos e nenas con necesidades especiais (que cumpran o punto 3.2 destas bases), por estrito orde de entrada.

3.- PERSOAS DESTINATARIAS

3.1 Poderán solicitar a súa participación no “Campus de nadal 2023/24” os nenos e nenas nados entre os anos 2012 e 2020.

3.2 Ter capacidade de integración nun grupo así como poder participar e beneficiarse das actividades que se van a desenvolver.

3.3 As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver (pto. 3.2 xeral), o que deberá ser acreditado mediante informe médico.

3.4 Para ser admitido/a no campus será necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio nin sintomatoloxía compatible co COVID-19, sen prexuízo da documentación que deberán asinar as persoas proxenitoras e/ou titores legais.

3.5 O incumprimento dos requisitos sinalados neste punto impedirá a participación da persoa solicitante no campamento.

4.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

O campamento desenvolverase no colexio C.E.I.P PLURILINGÜE INFANTE FELIPE DE BORBÓN en Salvaterra de Miño

5.- DATAS E HORARIOS

O Campus de Semana Santa desenvolverase os días 25, 26, 27 de marzo e 1 de abril en horario de 09:00 a 14:00 horas. Coa posibilidade de aula matinal de 07:30 a 09:00 horas cun mínimo de 10 nen@s.

6.- INSCRICIÓN

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 6 de marzo e rematará o día 11 de marzo, se non se esgotan as prazas antes.

As solicitudes formalizaranse a través de sede electrónica ou por rexistro de entrada no Concello.

7.- PREZO

Os prezos públicos para o “Campus de Conciliación - Semana Santa 2024” foron aprobados na xunta de goberno do Concello de Salvaterra previo ditame da Comisión Especial de Contas, de conformidade co establecido na Ordenanza Xeral de prezos públicos, e publicados no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 80 do día 26.04.2017

Tarifa xeral	
“Campamento de Conciliación - Semana Santa 2023”	10,00 euros
Aula matinal	6 euros

TARIFA BONIFICADA

- Bonificación: As familias numerosas terán dereito a unha bonificación do 25%.
(non acumulables con outras bonificacións)
- Bonificación: Coa inscricións de dous fillos, o segundo terá dereito a unha bonificación do 10%.
- Exención: Gozarán da exención deste prezo público os menores que no seu caso sexan derivados polo Departamento de Servicios Sociais deste Concello.

8.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas orde de inscrición

9.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN

- **Solicitud de inscrición**
- **Fotocopia de tarxeta familia numerosa (se é o caso)**
- **Certificado de empresa con horario de traballo dos dous proxenitores para o campamento 2024** (con selo e sinatura da empresa ou contrato de traballo con vida laboral).
- **Para as familias monoparentais:**
 - ✓ Documento oficial acreditativo da súa situación: sentenza xudicial de separación/ divorcio ou xustificación de interposición da demanda de separación/ divorcio.
- **No caso de nenos con discapacidade**
 - ✓ Certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame técnico facultativo, emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente
- **Outra documentación**
 - ✓ Documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade.

10.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección será o seguinte:

- ✓ Publicación dunha listaxe provisional de admitidos/as por orde de inscrición na páxina Web do Concello o 13 de marzo.
- ✓ Prazo para emendar erros ata o 14 de marzo
- ✓ Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos que seguirá a orde que resulte da entrada por rexistro: o 15 de marzo, e na páxina Web do Concello.

En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as accederán ao campus seguindo a orde na que figure na lista o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.

- ✓ Confirmación da praza co pago da matrícula no número de conta que se facilitará: do día 15 de marzo ao día 19 de marzo de deberase ademais remitir o xustificante de pago do importe da actividade. No caso de non abonarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da entrada por rexistro.

12.- RENUNCIA DE PRAZA

As persoas solicitantes que, tras obter praza desexen renunciar a ela antes de ter realizado o ingreso da cota da matrícula, deberán comunicalo antes do día 19 de marzo de 2024.

13.- DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente abono para participar na actividade, se o neno/a non acude, só se procederá a devolución do importe ingresado, si se xustifica con anterioridade ao inicio do campamento e por causa debidamente xustificada, en ambos casos previa presentación de solicitude. En caso contrario non se procederá a devolución do importe.

En caso de faltar máis de tres veces ao campamento sen causa xustificada, o neno quedará fóra do campamento, e non se lle devolverá o importe do campamento.

14.- PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE

As bases para o campamento da presente convocatoria se atopan na páxina Web do Concello.